



ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

*Pte. Comité Mar Rocha e
Embarcación fondeada*

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado de A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Manuel Rodríguez Meira

Pte. Comité Xuíces

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado de Ourense

Delegado de Pontevedra

D. Pedro Bolaño Pérez

Pte. Comité de Auga Doce

*Pte. Comité Mar Costa/Corcheo e
Spinning*

D. Benigno Fco. Rodríguez
Bejarrano

Subdelegado de Ourense

D. Oscar Ramos Vazquez

Pte. Comité Black-Bass

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ESTAMENTO DE XUÍCES

D. Pablo de Andrés Vales

As persoas que á marxe se nomean, 18 delas con dereito a voto, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 16 de Febreiro de 2020** no local social do Club de Pesca Monforte, rúa Rosalía de Castro s/n, 27400 Monforte de Lemos (Lugo), para trataren a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas 2019
- 3.- Votación sobre proposta de abandonar a UFEDEGA
- 4.- Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 11:00 horas do día sinalado no encabezamento.

O Presidente modifica a orde do día e comenza polo punto dous: Presentación e aprobación, se procede, das contas 2019

2.- Presentación e aprobación, se procede, das contas 2019.

Remitida por correo electrónico xunto coa convocatoria.

O Presidente interroga aos asistentes sobre posible dúbidas nos datos aportados e adxuntos a esta Acta como Anexo I. Non habendo intervencións, sométense a votación, quedando aprobado por unanimidade o balance de contas 2019.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Remitida por correo electrónico xunto coa convocatoria. O Presidente cede a palabra o Secretario quen procede a lectura da Acta da Asamblea Xeral Ordinaria do 21 de Decembro de 2019.

Víctor Ferreiro solicita que sexa comprobado que no listado de estamento de Clubs, Sociedades e Asociacións estivese reflexada a presenza de D. Manuel Campos Cruces de Nordés Spinning. O Secretario confírmalle que está incluído.

Lazaro Benitez solicita que no cadro de participacións en autonómicos non se teña en conta o descenso de deportistas de Pontevedra na modalidade de Embarcación Fondeada xa que no ano 2019 no se celebrou dita competición.

O Presidente explica que se aplicou o mesmo baremo que xa foi aplicado noutras disciplinas en anos anteriores.

Lazaro Benitez solicita a opción de ser sometida a votación dita decisión. O Presidente interven decíndolo que non procede tal votación.

Non habendo mais intervencións, queda aprobada a Acta por unanimidade.



ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

D. Jose M. Fernández Rodríguez
D. Jose Oscar Beceiro Sedes
D. Jose Manuel Rey Alvela
D. Roberto Martínez Díaz
D. Jose Luis González Perez
D. Roi Juan Lopez Muriel
D. Jose Ramón Villar Riveiro
D Lázaro Benítez Mouriño
D. Benigno Rodríguez Bejarrano

ESTAMENTO CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓN

D. Juan M. Perez Muiño
Sociedade de Pesca Rio Mandeo
D. Carlos Bermúdez Barros
Club de Pesca O Capote
D. Manuel Rodríguez Meira
Club de Pesca Monforte
D. Pedro Romarís Pereira
A Venatoria de Lugo
D. Antonio Cortés Araujo
Club de Pesca O Peixe
D. Víctor Ferreira Fariña
Nordes Spinning
D. Juan Manuel Castro Fuentes
SPD Neria
D. Jose Victor Meijide Vazquez
Grupo PSA Citröen

3.- Proposta de abandonar a UFEDEGA.

O Presidente fai un breve resumen explicando as funcións da UFEDEGA, así coma responde a varias preguntas dos assembleistas sobre as ventaxas ou prexuízos que conleva pertencer ou abandonar a UFEDEGA.

Sometese a decisión final a votación, quedando aprobada por unanimidade que a FGPeC abandone a UFEDEGA.

4.- Rogos e preguntas.

Víctor Ferreiro pregunta pola posibilidade de facer unha Selección Galega de Kayak para participar en competicións Nacionais.

O Presidente tenta explicarlle con diversos informes solicitados á Consellería do Mar, Secretaría do Deporte e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que está prohibido facer competicións de kayak na Comunidade Autónoma Galega, ademais de ser unha especialidade non definida dentro dos Estatutos da FGPeC. Tras un intercambio de opinións sen chegar a consenso, Víctor Ferreiro solicita que conste en Acta a negativa a crearse unha Selección Galega de kayak.

Lazaro Benitez solicita que, debido ao troco das datas no calendario de pesca da FEPyC do Nacional de clubes Corcheo que se vai celebrar en Castellón, se modifique a data do Autonómico de Corcheo.

O Presidente indícalle que llo comente ao Presidente do Comité Mar Costa, Corcheo e Spinning, e valoren as opcións para mover dita data.

O Presidente informa aos presentes sobre a variación da data da xornada técnica do 18 de abril que pasa a ser destinada a categoría xuventude.

O Presidente agradece a presenza dos deportistas:

D. Jose Oscar Beceiro Sedes
D. Jose Ignacio Granda Bret
Dña. Rosa Lopez Villar

Aos que lles foi concedido o recoñecemento ao mérito deportivo coa Medalla Olímpica.

Non habendo mais intervencións, o Presidente da por rematada a Asamblea as 12:00 horas.

Eu coma Secretario dou fé.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente